



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS**

**Curso Académico: Curso 2019-2020**

[■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

[■ Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

[■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

[■ Criterio 2. Información e transparencia](#)

[■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

[■ Criterio 4. Recursos Humanos](#)

[■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

[■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

[■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

[■ Modificacións do plan de estudos](#)

[■ Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2020-2021

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

[■ AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Criterio 2. Información e transparencia

[■ AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Criterio 4. Recursos humanos

[■ AM-MI-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

[■ AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

[■ AM-MI-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Finalizadas Curso 2019-2020

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

[■ AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

[■ AM-MI-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Criterio 2. Información e transparencia

[■ AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

- Criterio 4. Recursos humanos
  - [AM-MI-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
- Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - [AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
  - [AM-MI-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
- Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
  - [AM-MI-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao de Mestre/a de Educación Infantil do curso 2019-20. Accións desenvolvidas debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19

- Adenda Facultade de Formación do Profesorado (FFP)
- Adenda Facultade de Ciencias da Educación (FCE)

<b><u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>	
Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	- Educación artística (FFP-Lugo) - Linguaxes artísticas (FCE-Santiago)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil habilita para o exercicio da profesión regulada de mestre de educación infantil e como tal responde á Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios que conceden esta habilitación. A titulación ofértase na Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo (no sucesivo FFP-Lugo) e na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Santiago (no sucesivo FCE-Santiago).

O grande interese que espertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil en ambos os dous campus conséntase atendendo aos datos estatísticos achegados pola CiUG (2019-20), que reflicten un total de 480 solicitudes para 82 prazas ofertadas na FFP-Lugo e 775 solicitudes para 61 prazas ofertadas na FCE-Santiago. O número de prazas ofertadas mantense igual que o curso anterior. Tomando como referencia o informe da CIUG para o curso 2019-2020, os datos reflicten que o número de estudantes admitidos na FCE-Santiago foi de 75 (73 da cota xeral, 1 por cota de titulados universitarios e 1 da cota de deportistas de alto nivel), dos cales se matricularon un total de 71. Na FFP-Lugo, o número de alumnado admitido foi de 98 (95 da cota xeral e 3 por cota de titulados universitarios), dos que finalmente se matricularon 85. Cómpre sinalar, en relación ás ensinanzas de acceso que no caso da FFP-Lugo o 44% do alumnado matriculado provén de Formación Profesional, o cal é unha elevada porcentaxe se a comparamos co 22% da FCE-Santiago. Polo que se refire á relación entre o número de prazas ofertadas e o número de alumnos admitidos, a taxa de ocupación total foi ao redor do 100% (91,46% na FFP-Lugo e 111,48% na FCE-Santiago).

Se ben a titulación non presenta problemas en relación co número total de alumnos matriculados, si continuamos advertindo unha feble capacidade de captación de alumnado procedente de fóra de Galicia. Na FCE-Santiago a porcentaxe de alumnado nacional de fóra de Galicia sobre matriculados é do 1,11%, e na FFP-Lugo do 2,78%. O feito de que a maior parte dos campus universitarios españois ofrezan esta titulación explica suficientemente esta circunstancia. Finalmente, pódese salientar a continuidade do predominio de mulleres no alumnado matriculado, de tal xeito que o 93% (FCE-Santiago) e o 88% (FFP-Lugo) das novas matrículas son de mulleres.

A titulación tivo matriculados un total de 681 estudantes (328 na FFP-Lugo e 353 na FCE-Santiago), mantendo aproximadamente os datos do curso anterior, unha cifra que confirma a elevada demanda que os estudos de Mestre/a de Educación Infantil seguen a ter entre a poboación que accede á universidade, tanto no campus de Lugo coma no de Santiago.

A dobre titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria continúa a espertar grande interese, con 248 e 125 solicitudes na FCE-Santiago e FFP-Lugo, respectivamente, para unha oferta de 16 prazas en cada centro. Os estudantes de matrícula de novo ingreso foron 18 na FFP-Lugo e 19 na FCE-Santiago. A nota media de acceso por preinscripción continúa a ser elevada, situándose en 10,90 na FFP-Lugo e 12,42 na FCE-Santiago.

A titulación mantén o interese académico, científico e profesional que contempla a súa memoria de verificación, e que se

xustifica tanto pola traxectoria da USC na formación destes profesionais como pola validez e preparación dos estudantes para o exercicio da profesión, segundo amosan os diferentes informes de avaliación dos titores externos que colaboran nas materias que compoñen o Prácticum da titulación. Así, o informe correspondente ao curso 2018-19 (o último informe dispoñible, xa que no curso 2019-2020 non se puideron obter datos por mor da Covid-19) ofrece valores superiores a 4 sobre 5 no relativo ao grao de integración do alumnado no medio de traballo, o seu cumprimento das actividades asignadas, e en xeral ao grao de satisfacción coas prácticas realizadas polo alumnado.

## **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Malia o dabondo probado interese do título, é constante a preocupación por mantelo actualizado para un mellor cumprimento dos requisitos formadores e profesionalizadores. Por iso, unha vez producida a culminación da súa implantación no curso 2013-14 e obtida unha visión de conxunto do seu deseño e implementación, puidemos consensuar unha serie de medidas de revisión do plan de estudos e propoñer unha modificación do título seguindo o “Procedemento para a solicitude de modificacións nos Títulos verificados de Grao e Máster”. Estas modificacións atañan especialmente ás materias de Prácticum, que no curso 2016-2017 pasan de ser 3 a 2, xunto co reaxuste das materias afectadas polos períodos de prácticum. Esta modificación fora aprobada pola ACSUG no 2015 e continua o seu progresivo desenvolvemento na actualidade. No curso 2019-2020 remataron estudos os primeiros graduados con estas modificacións. A satisfacción media dos egresados coa titulación nos dous campus é de 3,57 sobre 5 (3,50 en Lugo e 3,67 en Santiago).

A actividade docente orientada á consecución das competencias previstas está a se desenvolver consonte o indicado na memoria de verificación do título. Porén, cómpre deixar constancia dalgúns problemas que obstaculizan unha mellor execución do plan de estudos de acordo coa memoria verificada, concretamente a ratio de alumnado por docente, os espazos para a docencia e o recoñecemento docente dos labores de titoría e supervisión de prácticum, que se detallan a continuación.

En primeiro lugar, o elevado número de alumnos, o escaso número de docentes (circunstancia á que nos referiremos máis polo miúdo a propósito do criterio 4 deste informe) e as dificultades de espazo dispoñible (con maior detalle no criterio 5) fan que o tamaño dos agrupamentos de docencia sexa en moitas ocasións excesivo para un óptimo desenvolvemento das actividades formativas. Os últimos datos dispoñibles sobre a ratio de estudantes por profesor a tempo completo pertencen ao curso 2015-2016, con 9,40 de media (este indicador deixou de explotarse por indicación da Vicerreitoría de Calidade). Continúa a ser excesivamente elevada a media de alumnos matriculados en materias de formación básica (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) no curso 2019-20: sobe de 79,91 a 81,65 de media nos dous centros.

A media de alumnos por grupo de docencia interactiva descendeu lixeiramente no 2019-20 (26,27 de media) pero é en ambos centros superior ao promedio da USC (22,32).

Por outra banda, os problemas derivados do escaso recoñecemento docente dos labores de titoría académica ou supervisión do Prácticum continúan sen solucionarse. En efecto, o recoñecemento desta docencia viña sendo de 3 horas por alumno matriculado ata o curso 2013-14, incluído. Na PAA 2014-15 este recoñecemento reduciuse drasticamente a 1,5 horas por alumno, sendo esta decisión xustificada pola crítica situación económica da USC e a imposibilidade de dotar de recursos suficientes ás áreas responsables desta docencia, moi deficitarias en case todos os casos. Malia unha leve melloría neste aspecto aplicada aos cursos 2015-16 e 2016-17, nos que se contemplou un recoñecemento de 2 horas por alumno matriculado, nos cursos 2017-18 e 2018-19 retrocedeuse novamente ata as 1,5 horas por alumno para o Prácticum de 12 ou máis ECTS, volvendo a aumentar a 2 horas no curso 2019-20. Porén, cómpre ter en conta que no segundo Prácticum

da titulación (24 créditos) cada alumno na FFP conta con dous supervisores na facultade, co cal cada supervisor ve recoñecido o seu traballo cunha única hora por alumno, unha cifra absolutamente insuficiente tendo en conta todas as tarefas que leva asociado o Prácticum. Pola súa parte, na FCE o alumnado só conta cun supervisor/a na facultade.

A modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou tamén ao deseño do curso complementario ou “curso ponte”, precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. En todo caso, o curso ponte para o acceso a este grao parece estar perdendo atractivo, xa que no curso 2019-20 non se matriculou ningún estudante na FFP-Lugo, e na FCE-Santiago este curso xa non se oferta desde hai varios anos.

Por último, polo que se refire á participación do alumnado nos programas de mobilidade, os últimos datos dispoñibles (do curso 2017-18) seguen a amosar cifras bastante baixas. o número de estudantes enviados sobre o total de matriculados supuxo o 2,12% na FCE-Santiago e só o 1,20% na FFP-Lugo. Pola súa banda, os estudantes recibidos no curso 2019-2020 foron o 1,39% na FCE-Santiago e ningún na FFP-Lugo. Con respecto á procedencia ou destino do alumnado participante en programas de mobilidade, na FFP-Lugo no curso 2019-2020 enviáronse tres alumnos de SICUE do Grao de Infantil. Na FCE-Santiago enviáronse 10 Erasmus e 5 SICUE no Grao de Infantil. Ademais, no Grao de Infantil recibíronse na FCE-Santiago 4 estudantes, 2 por convenio con outras universidades e 2 por SICUE. Non hai datos dispoñibles para o curso 2019-20 sobre a satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade, aínda que o dato do curso anterior é positivo (3,80 sobre 5 de media nos dous campus).

A baixa porcentaxe de alumnado participante neste tipo de programas obríganos a continuar esforzándonos en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado, aínda sabendo que as circunstancias son moi pouco favorables para lograr este obxectivo.

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analízase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorárase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorárase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ao tratarse dun título impartido en dous centros e campus diferentes, por recomendación da ACSUG, constituíuse unha Comisión de Coordinación Intercentros, cuxas competencias esténdense tanto ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil como ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Durante o curso 2016-17, esta comisión foi redeseñada para modificar a súa composición, delimitar as súas funcións e establecer o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade das súas reunións. No curso 2019-2020, a Comisión Intercentros reuniuse o 19 de xuño de 2020. A orde do día incluíu a aprobación da Acta da reunión anterior, a determinación da cuarta quenda de rotación dos cargos de presidente/a e secretario/a, a aprobación do Informe anual de seguimento (2018-2019) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e a aprobación do Informe anual de seguimento (2018-2019) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

Segue a se desenvolver o sistema de coordinación docente baseado nas coordinacións de título e cursos. Nas dúas facultades onde se imparte esta titulación existe un coordinador do título e outro específico por cada curso. Entre os seus cometidos atópase a acollida do novo alumnado, os encontros cos delegados de curso, as sesións de traballo co profesorado da titulación, a recollida de información para elaborar os informes de seguimento e das accións de mellora, a comprobación dos programas docentes, a comunicación periódica co alumnado, así como a distribución e análise dos cuestionarios de avaliación. Porén, a coordinación entre as distintas materias ou niveis do título é un dos aspectos peor



valorados por parte do profesorado nas enquisas de docencia do curso 2019-2020 (3,55 de media nos dous centros sobre 5, aínda que na FFP-Lugo acadou un 4,18). Para unha mellor distribución, delimitación e optimización de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), como acción de mellora, no curso 2019-20 elaborouse na FFP-Lugo por parte do equipo decanal e as coordinacións de título (coa colaboración das coordinacións de curso) un documento marco que concreta de xeito claro as funcións de cada tipo de coordinación, evitando duplicidades innecesarias e mellorando os procedementos.

O Prácticum supón un eixo fundamental da titulación. En ambos centros existe unha coordinación xeral do Prácticum para os dous graos en Mestre/a (cun recoñecemento por Horas Docentes Equivalentes de 20 horas no curso 2019-20). Así mesmo, cada centro conta cun coordinador/a do Prácticum do Grao, co que colaboran os coordinadores ou coordinadoras de cada unha das materias que o compoñen (cun recoñecemento por Horas Docentes Equivalentes de 5 horas). Este organigrama só pode manterse grazas a un grande esforzo, implicación e compromiso por parte do profesorado, e responde á complexidade que supón a organización do Prácticum e á importancia que se lle concede a este elemento formativo. Afortunadamente, o traballo realizado mereceu no curso 2018-19 unha valoración positiva, tanto por parte do alumnado (4,27 sobre 5), como polo que se refire aos títolos profesionais (4,36 en Lugo, 4,14 en Santiago) e académicos (4,18). Para o curso 2019-20 non se puideron obter datos por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19.

Na FFP-Lugo tamén existe a figura do coordinador ou coordinadora dos TFG da titulación. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo ímprobo que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE). Polo que respecta á FCE-Santiago, por mor do elevado número de coordinadores que ten, non existe unha figura específica de coordinador/a de TFG. Do labor de coordinación inicial encárgase a Vicedecana de organización académica, e unha vez feitas as asignacións, son os títolos os que se coordinan con reunións conxuntas. Dese xeito obtense unha coordinación fluida e eficaz.

O título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non se require coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Porén, cómpre ter en conta a posibilidade de obter dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”. Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes eidos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias. Para poder atender debidamente o alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes deben contemplar de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén deben indicar os procedementos necesarios para que os estudantes dispensados de asistir a clase poidan acadar as mesmas competencias que se recibisen docencia presencial. Con carácter xeral, a concesión da dispensa da asistencia pode verse limitada para materias cun contido fundamentalmente práctico, como son as materias de Prácticum. A dispensa á clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos. No curso 2019-2020 na FFP-Lugo solicitáronse en total 29 dispensas de asistencia (17 para Primaria, 10 para Infantil e 2 para o Dobre Grao), sendo todas elas aceptadas. Na FCE-Santiago o total de dispensas solicitadas foi de 44 dispensas de asistencia (15 para Primaria, 16 para Infantil e 13 para o Curso Ponte de Primaria), das cales foron concedidas 4 para Primaria, 6 para Infantil e 5 para Curso Ponte de Primaria e denegadas 11 para Primaria, 10 para Infantil e 8 para o Curso Ponte de Primaria.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

Polo que se refire ao perfil do alumnado de novo ingreso, como xa se mencionou no apartado 1.1., no curso 2019-20 continúa a elevada porcentaxe de estudantes matriculados procedentes de Formación Profesional no caso da FFP-Lugo (44%) con respecto aos que teñen o Bacharelato como ensinanza de acceso (56%). Na FCE-Santiago a proporción é similar á do curso anterior (78% Bacharelato, 22% Formación Profesional). Porén, ningún estudante procedente de FP foi admitido para matricularse na dobre titulación, nin na FCE-Santiago (rexistráronse 23 solicitudes), nin na FFP-Lugo (13 solicitudes). Por outra banda, a nota media de acceso por preinscrición sitúase en valores semellantes aos do curso anterior, sendo na FFP-Lugo de 7,82 e de 9,82 na FCE-Santiago. No caso do dobre grao, esta puntuación descende lixeiramente con respecto ao curso anterior na FFP-Lugo, sendo de 10,90, e mantense en niveis similares aos do curso anterior na FCE-Santiago con 12,42. A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6 continúa a ser do 100% nos dous centros.

Na memoria verificada indícase que a selección dos alumnos de novo ingreso se rexerá pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, pola que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade. Sinálase, así mesmo, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. Finalmente, recoméndase que os aspirantes a cursar os estudos conducentes á obtención deste título posúan as seguintes características persoais e académicas: interese por todos os aspectos relacionados coa cultura e a infancia, compromiso social, compromiso ético, curiosidade científica e habilidade para as relacións interpersoais. En consecuencia, non se observan disonancias remarcables entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada.

A memoria do título non contempla complementos de formación para a nivelación dos estudantes.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estase a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, na USC existe un apoio titorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar os estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluídas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas.

Con respecto ao regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM, cómpre sinalar que o elevado número

de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación esixiron un cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para a titulación en Grao en Mestre de Educación Infantil concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017.

En canto á Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36.

En liñas xerais, na FFP-Lugo no curso 2019-2020 desenvolvéronse segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Infantil aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017, sendo preciso realizar algúns axustes coxunturais no desenvolvemento de ámbalas dúas materias por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19 (tal e como se reflicte na adenda que acompaña ao presente documento). Estes axustes afectaron esencialmente ao tipo de actividades desenvolvidas nas Memorias de prácticas e ás condicións para as defensas dos Traballos de Fin de Grao, que se fixeron de xeito telemático e avaliando unicamente os titores de TFG. Na FCE-Santiago introducíronse modificacións no Prácticum II (1º e 2ª Edición) ao abeiro da Resolución reitoral do 23 de marzo como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial. A modificación da guía docente desta materia realizouse seguindo os acordos e recomendacións da Conferencia de decanas e decanos de Educación e, por tanto, tendo como marco de actuación as “Guías orientadoras para a adaptación de forma harmonizada das prácticas obrigatorias (Prácticum) dos títulos de Educación ante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19” desenvolvidas pola conferencia seguindo as indicacións da CRUE e publicadas na web da conferencia o 31 de marzo de 2020 (<http://www.conferenciadecanoseduacion.es/guias-orientadoras-la-adaptacion-forma-armonizada-las-practicas-obligatorias-practicumlos-titulos-educacion-ante-la-situacion-emergencia-sanitaria-provocada-covid-19/>).

En canto aos TFG, tamén se introduciron modificacións ao abeiro da Resolución reitoral do 23 de marzo nomeada liñas arriba. Neste senso as guías do TFG adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e as modalidades posibles e metodoloxías do traballo adaptándoas ao contexto non presencial e ás dificultades para o desenvolvemento de traballos de investigación que requirisen traballo de campo.

Finalmente, polo que respecta á instrución sobre a dispensa de asistencia, tamén cómpre sinalar que, malia que esta instrución precisa o carácter excepcional da concesión da dispensa da asistencia a clase, o certo é que, desde a súa entrada en vigor, esta titulación (que habilita para o exercicio dunha profesión regulada) vese afectada por un crecente número de solicitudes que é preciso aceptar por axustárense á literalidade do previsto nunha normativa pouco restritiva, polo que parece aconsellable proceder a unha revisión desa instrución regulamentaria.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre o título é pública e facilmente accesible para todos os grupos de interese. Á parte da información procedente dos servizos centrais da USC, cada unha das Facultades que imparten o título mantén información concreta e actualizada sobre o seu desenvolvemento, tanto no que se refire ás características do programa formativo como á documentación relativa á memoria verificada e sistema de calidade. Así, por exemplo, nas páxinas web dos dous centros, FFP-Lugo e FCE-Santiago, pódese consultar tanto a Memoria de verificación como a organización dos cursos e os programas das materias, o que demostra unha accesibilidade á información suficiente e obxectiva para dar conta dos estudos ofertados e as características do título. Tamén se amosa información específica sobre os programas de mobilidade (convocatorias, resolucións etc.), o Traballo Fin de Grao (programa, calendario, asignación de títos etc.), e as Prácticas externas (centros ofertados, distribución alumnado, formularios etc.). Estas informacións permiten analizar os resultados acadados e medir a calidade do título.

Non están dispoñibles datos sobre a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible no curso 2019-2020. Porén, os datos de cursos anteriores amosan que esta aumentou globalmente de 3,24 no curso 2017-2018 a 3,49 no curso 2018-2019 (sobre 5 puntos). Experimentou un notable ascenso na FFP-Lugo (de 2,90 a 3,63) e un lixeiro descenso na FCE-Santiago (de 3,50 a 3,31). En todo caso, o número de cuestionarios cubertos polos egresados no curso 2018-19 foi escaso, xa que en conxunto a taxa de resposta foi de 7,05% para as dúas Facultades (7,29% na FCE-Santiago e 6,67% na FFP-Lugo).

Con respecto á información dispoñible sobre o título, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación este ítem valórase de xeito positivo, cun 3,97 de media sobre 5. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a información dispoñible sobre o título valórase de media cun 3,38 nos dous centros. A satisfacción xeral destes grupos de interese mantense, por tanto, en valores positivos.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As páxinas web das dúas Facultades que imparten o título contan con accesos directos ao contido do Sistema de Garantía de Calidade, onde aparece reflectida toda a información relativa ao mesmo (manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos). A FFP-Lugo recolle información, ademais, do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual 2016-2020.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e polo ou pola Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do grao. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; e elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Na FFP-Lugo, durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Infantil reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Primaria nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 30 de abril de 2020: aprobación da modificación, por causa da COVID-19, do calendario, modalidade e criterios de avaliación dos TFG.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia (acordouse aprazar á aprobación para dar tempo aos membros das Comisións a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos.
- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do dobre grao para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.

Pola súa banda, a Comisión de Calidade da FFP-Lugo reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 3 de marzo de 2020: aprobación do informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; ratificación da proposta de axudas no marco do programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o curso 2019-20; presentación do informe provisional de Certificación da implantación do SGC da Facultade e as alegacións ao mesmo.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia (acordouse aprazar á aprobación para dar tempo aos membros da Comisión a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos de Grao (Primaria e Infantil).
- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do dobre grao para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.
- Por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, que ocasionou retrasos na recollida de evidencias e a redacción de distintos documentos, o 2 de novembro de 2020 (xa no curso 2020-21) convocouse unha reunión da Comisión de Calidade para aprobar a Memoria de Calidade correspondente ao curso 2019-2020.

Na FCE-Santiago, durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Infantil reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Primaria nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 18 de xuño de 2020: aprobación da acta anterior e presentación e debate da proposta de informe de seguimento da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria, e e do Grao en Mestre de Educación Infantil do curso 2018/2019.

Pola súa banda, a Comisión de Calidade da FCE-Santiago reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 30 de xullo de 2019: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación dos informes de resposta ás alegacións da Comisión de Acreditación dos másteres da facultade.
- 18 de xuño de 2020: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación dos Informes de seguimento dos graos da facultade do curso 2018-2019 e presentación e aprobación dos informes de seguimento dos másteres da facultade do curso 2018-19.
- 10 de setembro de 2020: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación da Memoria de Calidade do Centro (curso 2018-2019) e presentación do seguimento do Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria.

Como xa se indicou a propósito do Criterio 1 (1.3), existe ademais unha Comisión de Coordinación intercentros que se reúne periodicamente para tratar aspectos comúns ao desenvolvemento e seguimento do título en ambos centros.

En canto aos procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza, os indicadores dispoñibles evidencian un adecuado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia no curso 2019-20 mantense en niveis similares con respecto ao curso anterior no primeiro semestre: acadou o 4,33 sobre 5 na FFP-Lugo (fronte ao 4,13 anterior) e o 3,78 na FCE-Santiago (fronte ao 3,96 anterior). No segundo semestre (no que as condicións nas que se desenvolveu a docencia sufriron axustes por mor da Covid-19), o grao de satisfacción na FFP-Lugo foi de 3,91 e na FCE-Santiago de 3,99 sobre 5 puntos. As medias globais non experimentan grandes variacións, sendo a media intercentros no primeiro semestre de 4,14 e no segundo de 3,96.

Pola súa banda, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida no curso 2019-20 mantense en valores similares aos do curso 2018-2019, cun valor medio de 4,12 (fronte ao 4,20 anterior), e valores de 4,05 na FCE-Santiago e 4,19 na FFP-Lugo.

Por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19 non están dispoñibles os datos da satisfacción de estudantes e titores co programa de prácticas externas. Tomando como referencia os datos do curso anterior (2018-19), estes sitúanse en 4,27 para o alumnado, 4,14 para os titores externos e 4,18 para os titores académicos nos dous centros no curso 2018-2019.

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas polo alumnado egresado deste título ante o

Decanato do centro, non está dispoñible información sobre o curso 2019-2020. No curso anterior, o alumnado da FCE-Santiago valorou a atención recibida cunha media de 3,00 fronte á media de 5,00 na FFP-Lugo. A nivel comparativo, a media da titulación de ambos centros (3,73) foi superior á media global da USC (3,01).

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso, como xa se indicou no apartado 1.2, estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición do título a partir do curso 2016-17. Noutros casos, trátase de correccións ou subsanación de erros de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso dos centros co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

Considerando as accións de mellora propostas no anterior informe de seguimento, durante o curso 2019-2020 continuouse a traballar na consecución das mesmas na medida do posible, tendo en conta os atrancos derivados da situación sanitaria provocada polo Covid-19. Así, en relación ás melloras vinculadas á organización do Prácticum, mantivéronse reunións entre os axentes implicados para elaborar un programa do prácticum acorde ás necesidades da 2ª edición do título. As guías docentes elaboradas (e os axustes realizados por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19) permitiron o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado. Tamén en relación ao Prácticum, a coordinación xeral instou os docentes da materia a que mantivesen contacto cos titores e titoras dos centros educativos durante o período de restricións sanitarias. En circunstancias normais, establécense varios contactos por vía telefónica, correo-e e, nalgúns casos, de forma presencial. Porén, a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas. Cómpre ter en conta que as materias do Prácticum pasan de 3 a 2 no novo plan de estudos, o que dificulta o compromiso de que alomenos un dos prácticum o deban realizar na etapa de 0-3. Con todo, desde a coordinación xeral do Prácticum animase ao alumnado a que non descoide esa etapa no momento da escolla de centros de prácticas.

Outro dos aspectos a mellorar está en relación cos problemas de coordinación que se producen en materias impartidas por varios docentes. Ante isto, os respectivos decanatos das facultades solicitan aos departamentos que as materias eviten ser compartidas por varios docentes, evitando en calquera caso máis de 2 docentes por materia, e, no caso de detectarse algún problema de coordinación por medio das enquisas ao alumnado, comunícase o problema ao profesorado implicado e, de ser preciso, aos departamentos correspondentes.

Co fin de mellorar a orientación académico-profesional do alumnado, realízanse reunións ao longo do curso nas que se abordan as mencións e as saídas profesionais tras rematar o grao. Desde os decanatos solicítaselle aos docentes que faciliten a asistencia a estas reunións. Durante este curso, e por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, as sesións de orientación sobre mencións e saídas profesionais realizáronse de xeito telemático.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A implantación do SGC, no ano 2011, posibilitou o desenvolvemento do traballo nos centros nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do ano 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte. O Manual do Sistema de Garantía de Calidade está dispoñible na páxinas web da facultades, visibles para calquera persoa interesada.

En liñas xerais, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. De feito, a traxectoria das Comisións de Calidade dos centros favorece á consolidación dunha cultura de calidade tanto no PDI e no PAS coma no alumnado das facultades. Evidencia diso é o lixeiro aumento na participación das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, sendo a súa participación do 39,89% no curso 2016-17, incrementándose no curso 2018-19 ata o 43%, e manténdose no primeiro semestre do curso 2019-2020 no 41%. No segundo semestre a participación descendeu ata o 37%, aínda que cómpre salientar que nese semestre nos atopabamos nunha situación de emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19.

Polo que respecta ao profesorado, na enquisa de satisfacción coa titulación no curso 2019-20, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas é valorado cun 3,74 de media nos dous centros (cifra que aumenta lixeiramente con respecto ao 3,67 do curso anterior), e a calidade docente da titulación obtén unha valoración de 4,11 (fronte ao 3,81 do curso anterior), polo que ámbolos dous se manteñen en valores positivos e ascendentes. Con todo, cómpre seguir traballando para mellorar a implicación e a satisfacción dos diferentes grupos de interese.



## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Neste epígrafe cómpre reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións presupostarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total continúa a descender, situándose no curso 2019-2020 nun alarmante 21,82% (27,52% no curso anterior), con descenso na FFP-Lugo (do 22,45% pasouse ao 18,37%) e un descenso aínda superior na FCE-Santiago (do 31,67% pasouse ao 24,59%). Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC, que se sitúa no 58,76%. Non é o caso da adecuación cualitativa do profesorado, xa que non cabe dúbida de que os docentes existentes, teñan ou non vinculación permanente á universidade, accederon ás súas respectivas prazas tras superar un procedemento selectivo cada vez máis rigoroso, esixente e competitivo.

A porcentaxe de PDI doutor sobre o total do PDI descende lixeiramente no curso 2019-20, pasando do 70,64% ao 66,36%, e continúa sendo inferior á media da USC (83,73%). A porcentaxe de PDI con sexenios de investigación descende lixeiramente con respecto ao curso anterior, situándose no 48,72% no curso 2019-2020 (aínda moi por debaixo da media da USC, que é do 84,72%). Para explicar estas circunstancias negativas teríamos que acudir á orixe do título (diplomatura), á categoría dominante do profesorado ata tempos recentes (profesorado titular de escola universitaria) e ás modalidades de contrato do novo profesorado, que na maior parte dos casos non permiten unha dedicación a tempo completo á docencia e investigación, e que mesmo corresponden a categorías que non poden ter experiencia docente nin investigadora recoñecida. No caso da FFP-Lugo, por exemplo, o profesorado asociado LOU ascende a 7 persoas dun total de 40 docentes. No caso da FCE-Santiago, o profesorado asociado LOU ascende a 3 dun total de 52 docentes. A escaseza de profesorado ten unha notable incidencia no cociente profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, tal como xa foi sinalado no apartado 1.2 deste informe. Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia deste título (Ciencias Sociais e Xurídicas) e outras grandes áreas (Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñaría), lonxe de acurtarse, incrementáanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das áreas de coñecemento implicadas na docencia do título son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso. É necesario adaptar o persoal ás

necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias. Nunhas circunstancias tan negativas, que competen á xestión dos recursos humanos para esta titulación e que son totalmente alleas aos centros que a imparten, quizais resulten sorprendentes os niveis de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida, valores dos que xa deixamos constancia no apartado 3.1 deste informe. Isto significa que, mesmo nestas condicións tan pouco favorables, pode apreciarse un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña.

Polo que concerne á participación do profesorado en programas de mobilidade, esta continúa a ser escasa, aínda que no curso 2019-2020 aumentou ata o 5% na FFP-Lugo (sobre un total de PDI de 40). Na FCE-Santiago os últimos datos dispoñibles corresponden ao curso 2018-2019, no que a mobilidade foi do 1,75% sobre un total de PDI de 57. Esta situación pode deberse a que, por mor da escaseza de profesorado, os docentes das facultades non poden participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia.

Por último, con respecto á formación continua do profesorado, na FFP-Lugo o PDI do título participou nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC nunha porcentaxe moi superior á do curso anterior, pasando do 41,30% ao 66,67%. Na FCE-Santiago o incremento dos niveis de participación foi tamén substancial, pasando do 36,67% no curso 2018-19 ao 66,13% no curso 2019-20. Estes incrementos poden explicarse pola necesidade de formación relacionada coa docencia en remoto derivada da situación ocasionada pola Covid-19. Os indicadores dispoñibles tamén amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas, acadando en ámbolos dous centros un 4,46 nunha escala de 1 a 5.

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título.

Polo que se refire á FFP-Lugo, conta cun total de 11 membros, que, en conxunto, manteñen o seu índice de satisfacción en relación co curso anterior, sendo a valoración media de 4,60 e a valoración global de 4,00 sobre 5. Porén, cómpre sinalar que continúa a ser necesaria unha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde, aspecto que se ten en conta na listaxe de accións de mellora para o curso 2019-2020. Sobre o período de suspensión de actividades presenciais por mor da Covid-19, os comentarios realizados polo PAS na FFP-Lugo refírense á falta de recursos materiais (impresora, escáner) e ao notable incremento do traballo debido ás adaptacións que houbo que facer (modificación da avaliación con novos calendarios de exames, normas para TFG, TFM, gran número de correos electrónicos de alumnado solicitando información, incremento do número de reunións etc.), así como un comentario dunha persoa que non puido realizar o seu traballo en remoto.

Polo que respecta á FCE-Santiago, o PAS cífrase nun total de 15 persoas. O nivel de satisfacción deste colectivo co traballo desenvolvido sitúase nun 4 sobre 5, aínda que cómpre sinalar que o cuestionario foi cuberto por unha única persoa, a cal sinala ademais a necesidade de formación en técnicas de traballo online (froito da situación de emerxencia

sanitaria derivada da Covid-19). É necesario destacar a complexidade da FCE-Santiago, onde se imparten nove titulacións distintas de grao e máster distribuídas, ademais, en dous edificios situados en campus diferentes da cidade de Santiago de Compostela. Esta circunstancia dificulta enormemente o desenvolvemento das tarefas diarias propias da administración e xestión da Facultade.

En canto á participación do PAS en cursos de formación, os datos correspondentes ao curso 2019-20 amosan un certo descenso na FFP-Lugo, pasando do 66,67% ao 57,14%, o cal pode deberse á carga de traballo derivada da suspensión da actividade presencial por mor da Covid-19. Na FCE-Santiago houbo un lixeiro incremento, pasando do 70,59% ao 77,78%. A satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas polo PAS valórase cun 7,64 sobre 10.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencial e artístico (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes, pero en ningún caso satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo das e dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios). É preciso acometer ampliacións e melloras nos espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación. Neste sentido, a FFP-Lugo continúa padecendo evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, ante o adiamento dunha solución definitiva ao feito de que case a metade do edificio (cuxa propiedade é da USC) está ocupada polo CEIP Anexa. Pola súa banda, a FCE-Santiago, ante a situación de deterioración do edificio situado no Campus Norte onde se imparte esta titulación, tamén demanda melloras nas instalacións e recursos dos que dispón. En todo caso, nas páxinas web de ambas Facultades figura información detallada ao redor das infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento.

Durante o curso 2019-2020 realizáronse diversas obras (varias delas relacionadas coa accesibilidade, tales como, na FCE, colocación de planos nos edificios da facultade; rotulación de saídas e elementos de seguridade; adaptación dos aseos para eliminar barreiras que faciliten o seu uso e a mobilidade de todas as persoas usuarias do centro; eliminación de barreiras que impedían a mobilidade nas aulas) e adquiríronse os seguintes materiais para ambas Facultades:

CENTRO	ZONA ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALLO /MATERIAL
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Flyers Máster Procesos de Formación.
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Mobiliario móbil Aula 3 Módulo A Campus Vida.
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Mobiliario móbil: Aulas 4-5 e 6 Módulo C; Aula 6 Módulo A Campus Vida. (Mellora con mobles, accesibilidade e usabilidade aulas vellas, inclúe iluminación).
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	2 PC Lenovo para reposición en aulas.
Fac. CC. Educ./SUR e Norte	Campus Vida/ campus Norte	Ordenadores AIO ZM-H11 INTEL 24", WEBCAM CONCEPTRONIC, Trípode de mesa para aulas de laboratorio TIC, posto docente aula 8,16 Campus Vida. Aula 31 Campus Norte e Sala de teleformación.
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida/ Campus Norte	Proxectores ACER. LOGITECH CONFERENCECAM CONNECT para renovación aulas TIC, salón actos e reposto.
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	DVD LG BLURAY 4K HDMI UBK80. Proxector OPTOMA LED ULTRAHD 4K. Salón de Actos Campus Vida.
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Rotulación- sinalética Campus Norte e Campus Vida.
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Mobiliario móbil Aula 1 Campus Norte.
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Mobiliario móbil Aula 3 Campus Norte.
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	4 Ordenadores Aulas Campus Norte.
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	06/09/19 A185096 FACT A/1284 1 Destructora de papel pequena para Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	02/10/19 A185087 Fact 60195480 Teléfono inalámbrico para Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	31/10/19 A185085 Fact 19696 Plastificadora LM340
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/11/19 A306499 FACT GA-G99358/177 1 Gravadora despacho Vicedecano
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/11/19 A185094 FACT 09884 2 CPU Tacens H310M I3 8Gb con teclado, ratón. Aula 29 e 22

			1 disco SSD 240 Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		29/11/19 A306481 FACT F19030392 2 sillas confidente azul 8 sillóns con respaldo alto 2 sillóns confidente giratorio negro
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		03/12/19 A185092 FACT C/09950 2 Proxectores Conserxería 1 Impresora despacho Decana 1 Impresora Conserxería 1 Impresora despacho 122 1 Impresora despacho 129 1 Impresora despacho 113 1 CPU despacho Xestora
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		10/12/19 A306472 FACT C/09963 7 Monitor LG 24MK400h 1 MACBOOK PRO 13" MUHN2Y/A 1 SCANNER BROTHER ADS240ON 3 CPU 13-9100F, SSD 480GB 8 GB RAM 1 ALTAVOCES LOGITECH Z 150
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		19/12/19 A306475 FACT 190000587 1 Destructora de papel grande 1 Cizalla 1 Encuadernadora de espiral
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		26/12/19 A185058 FACT 444 3 Armarios metálicos con portas de persiana e 4 estantes
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		21/10/19 A239368 FACT 49 Substitución de zócalos de linóleo na planta soto e escaleiras da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		28/11/19 A185081 FACT A/62 Unión aulas 24 e 24B da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		28/11/19 A306474 FACT A/60 Arreglo de desconchados e pintura das paredes da Facultade.
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		27/12/19 A306460 FACT A/80 Sellado de canalóns de zinc
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		31/12/19 A228837 FACT 1100324 Cambio de pavimento na Aula de Plástica da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo		03/02/20 A306452 FACT 1100328 Aplicación de barrera de vapor con sistema eponal (pto nº 11000983) no cambio de pavimento na Aula de Plástica.

Tanto na FFP-Lugo como na FCE-Santiago proporcionase cumprida información ao estudiantado sobre cualificacións, certificados, ou posibles validacións, e ambas facultades contan ademais con programas de acollida en primeiro curso para orientar o alumnado sobre o funcionamento da institución. Na FFP-Lugo, como acción de mellora, o programa de acollida para o curso 2019-2020 foi adaptado e perfeccionado, incluíndo unha enquisa de satisfacción para o alumnado que obtivo resultados moi positivos (índice de satisfacción xeral alto ou moi alto para a meirande parte dos enquisados). Así mesmo, en ambos centros organízase ao remate de cada curso unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras para orientar o alumnado na elección de materias optativas.

Nas dúas Facultades vense participando ademais no Programa de Titores da USC, a través do que se dá acollida aos alumnos de novo ingreso. Trátase dunha iniciativa con pouca implicación do alumnado que pode ser titor (aquele que teña superado como mínimo 60 créditos). Este programa é unha ferramenta útil que se difunde entre o alumnado e o corpo docente pero que precisa de maior visibilidade na actividade diaria para facilitar as tarefas aos alumnos que inician os estudos. Porén, o escaso recoñecemento que reciben estas actividades, en contraste coas horas de formación e

dedicación do alumnado titor, e a rixidez dos horarios de formación, ás veces incompatibles coa asistencia ás clases na facultade, dificultan a maior participación do alumnado neste programa.

Con respecto á satisfacción dos egresados cos servizos non se dispón de datos do curso 2019-2020, sendo a última referencia o curso 2018-2019. Os indicadores de satisfacción dos egresados no curso 2018-19 en relación cos recursos e servizos (recursos tecnolóxicos, biblioteca, cafetería/comedor) acadan unha media de 4 na FFP-Lugo e de 3 na FCE-Santiago. Nesta última Facultade cómpre sinalar que a media de satisfacción co servizo de cafetería era baixo (media de 2). Porén, este servizo fixo unha renovación de infraestrutura e xerencia, ofrecendo un mellor servizo nos inicios do curso 19-20. Polo que respecta especificamente aos recursos tecnolóxicos (Campus Virtual, Secretaría Virtual, redes wifi etc.), a FFP-Lugo obtivo puntuacións de satisfacción dos egresados máis elevadas que o promedio da USC (media de 4 fronte a 3,64). Na FCE-Santiago a media (3,00) é lixeiramente máis baixa que a do total da USC. As bibliotecas das dúas facultades obteñen puntuacións de satisfacción elevadas (4 sobre 5, practicamente na media da USC, que foi de 3,99)

Nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, o grao de satisfacción cos materiais e infraestruturas docentes é igualmente baixo, obtendo un 2,69 de media nos dous centros. Porén, a valoración da ferramenta do Campus Virtual é positiva (3,81). Cómpre sinalar que o número de persoas que responderon á enquisa foi baixo, cunha participación do 8,42%.

O profesorado da titulación utiliza sistemas virtuais de apoio á docencia, sexa a través do Campus Virtual da USC ou valéndose doutras plataformas (Aula CESGA etc.), así como outras ferramentas de comunicación para axilizar a interacción co estudiantado (como por exemplo aplicacións de Office 365 institucionais). A situación derivada da Covid-19 intensificou o emprego de sistemas virtuais de apoio á docencia. A este respecto, a dispoñibilidade de material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) e a dispoñibilidade de recursos necesarios (soportes multimedia, TIC, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia no propio centro merecen para o profesorado valoracións baixas de media con respecto a outros indicadores (3,95 sobre 5 de media nos dous centros), sendo de 3,76 en Santiago e de 4,15 en Lugo (aínda que neste último centro si se aprecia unha subida considerable desde o 3,68 do curso 2018-19). Porén, cómpre salientar que, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, o campus virtual maniféstase como unha ferramenta que facilita o labor docente, e como tal acada unha das valoracións máis elevadas do cuestionario (4,31), sendo a máis baixa o estado e adecuación ás tarefas docentes das aulas e o seu equipamento (3,09).

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados do desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación, o Prácticum e o TFG proporcionan indicadores que evidencian a consecución dun progreso adecuado. En ambos os centros é moi reducido o número de materias con índices de suspensos que poidan considerarse elevados, o que se relaciona con taxas de éxito no curso 2019-20 lixeiramente superiores ás do curso anterior, 98,24% na FFP-Lugo e 98,69% na FCE-Santiago, e aínda superiores á media da USC que foi de 94,17% no curso 2019-20. Estes indicadores son coherentes coa valoración positiva que reflicten os resultados das enquisas que a USC realiza con carácter xeral para todo o alumnado.

Polo que respecta aos TFG, no curso 2019-20 defendéronse un total de 91 traballos na FFP-Lugo. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 58,24% (53), seguida de Sobresaliente, cun 27,47% (25), Aprobado, cun 8,79% (8), Matrícula de Honra, cun 4,39% (4), e Suspenso, cun 1,09% (1). Na FCE-Santiago defendéronse un total de 82 traballos. A cualificación máis frecuente acadada polo estudantado foi de Sobresaliente, cun 47,5% (39), seguida de Notable, cun 45,1% (37) e de Aprobado, cun 7,31% (6).

Así mesmo, no momento de reflexionar sobre o nivel de adquisición das competencias previstas para o título ao remate do proceso formativo, pode ser interesante comentar as valoracións efectuadas polos egresados no curso 2019-2020, se ben cómpre ter en conta que só responderon á enquisa 14 persoas entre os dous centros (9,46%). Cando se lles pide que avalíen o grao en que a titulación contribuíu á adquisición ou ao desenvolvemento de diferentes competencias (capacidade de análise, capacidade de traballo en equipo; capacidade de planificación, coordinación e organización e creatividade) os egresados dos dous campus só valoran por debaixo da media da USC a capacidade de análise (sendo de 3 a media do título, e de 3,59 a media da USC)

Por outra banda, as distintas materias e períodos que articulan o Prácticum supoñen momentos nos que cómpre acreditar a adquisición e aplicación das competencias profesionais previstas. A este respecto, a situación sanitaria derivada da Covid-19 non permitiu recoller datos do curso 2019-20, pero os últimos datos dispoñibles (2018-19) amosan que as prácticas externas realizadas son obxecto dunha valoración positiva por parte do alumnado de ambos os centros (3,83 na FCE-Santiago e 4,38 na FFP-Lugo), cunha media de 4,27 sobre 5, o que indica que este compoñente formativo é esencial para garantir as competencias propias do grao, que deben ter un papel nuclear na configuración e desenvolvemento do título, e que, en consecuencia, deben merecer un recoñecemento apropiado por parte do equipo de goberno da USC, cuestión que non ocorre na actualidade.

Ademais, se consideramos que os titores externos son axentes privilexiados para avaliar estes aspectos, os datos recollidos no curso 2018-19 (non están dispoñibles datos do curso 2019-20) reflicten que a súa satisfacción coa práctica realizada polo alumnado é alta: 4,67 sobre 5 na FFP-Lugo e 4,39 na FCE-Santiago, aínda que o número de titores enquisados non foi moi elevado: 45 titores (39,41%) entre os dous centros.



En resumo, os indicadores de éxito dos estudantes, e os últimos datos dispoñibles sobre a valoración dos egresados e a opinión dos titores externos amosan que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria de verificación do título e amosan un horizonte de traballo positivo.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No apartado 1.1. deste informe xa se fixo mención aos datos correspondentes á **demanda** desta titulación. A matrícula de acceso ao Grao mantense nos valores do curso anterior (2018-2019) situándose en 159 estudantes. No curso 2019-20, a titulación tivo matriculados un total de 684 estudantes (un valor similar aos 681 do curso 2018-2019), o que indica que estamos ante un grao cunha demanda sostida desde o momento da súa implantación, tanto na FFP-Lugo como na FCE-Santiago.

Polo que se refire aos indicadores de **resultados**, os datos correspondentes ao desenvolvemento da titulación son os que se ofrecen a continuación para o curso 2019-2020:

Indicadores	FFP-Lugo	FCE-Santiago	Intercentros	Media Área CC. Sociais e Xurídicas	Media USC
Taxa de rendemento	96,14%	94,60%	95,32%	87,10%	88,71%
Taxa de éxito	98,24%	98,69%	98,48%	92,80%	94,17%
Taxa de avaliación	97,86%	95,86%	96,79%	93,86%	94,21%
Taxa de graduación	77,61%	85,19%	80,99%	55,57%	58,53%
Duración media dos estudos (anos)	4,24	4,16	4,21	4,73	5,06
Taxa de abandono no 1º curso	18,75%	0%	9,37%	16,85%	16,64%
Taxa de abandono RD 1393/2007	19,40%	12,96%	16,53%	23,01%	23,01%

As taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación son sempre superiores á media da USC e tamén á media da área de CC. Sociais e Xurídicas, experimentando con respecto ao curso anterior lixeiros incrementos en termos xerais. Especialmente significativa resulta a comparación das taxas de graduación: 80,99% para esta titulación (un lixeiro descenso fronte ao 81,48% do curso 2018-19) fronte a 58,53% de media na USC. A diferenza entre as taxas de graduación que se observan nos dous centros obedece á circunstancia de que, por proximidade ao seu domicilio familiar, un importante número de estudantes cámbianse en 2º para o campus de Santiago, onde non foran inicialmente admitidos. Este mesmo motivo é o que xustifica as diferenzas nalgún dos indicadores de abandono.

A duración media dos estudos continúa en valores similares aos do curso anterior, e a taxa de abandono experimenta un certo incremento, aínda que se atopa varios puntos por debaixo da media da USC. A taxa de abandono no primeiro curso na FFP-Lugo experimenta unha considerable suba (do 6,67% do ano 2018-2019 ao 18,75%), acadando valores similares aos rexistrados no curso 2014-15, e sendo por dous puntos a única porcentaxe superior á media da USC,

mentres que na FCE-Santiago continúa a descender acadando este curso o 0%. Como xa se explicou no parágrafo anterior, a taxa de abandono na FFP-Lugo é en gran parte debida ao traslado de alumnado ao campus de Santiago.

Unha análise máis detallada revélanos igualmente taxas satisfactorias para as distintas materias que compoñen o plan de estudos, na medida en que a taxa de éxito abrangue en un rango comprendido entre o 86,08% e o 100%, incluíndo Practicum e TFG. Cómpre sinalar ademais que a meirande parte das materias en ambos centros teñen taxas de éxito superiores ao 95%.

Con respecto ao curso ponte, non hai datos do curso 2019-2020 na FFP-Lugo ao non haber matriculados. Na FCE-Santiago acontece o mesmo, pois non se oferta desde hai alomenos tres anos.

Polo que se refire ao dobre grao, tamén atopamos indicadores moi satisfactorios no curso 2019-2020: a taxa media de rendemento nos dous centros foi do 98,78%, a taxa de éxito do 99,78%, e a taxa de avaliación do 99,00% (acadándose na taxa de éxito o 100% na FCE-Santiago).

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ampliaremos neste apartado a reflexión sobre os índices de satisfacción amosados por estudantes, profesorado, persoal de apoio e egresados, nalgúns casos xa apuntados con anterioridade. Os comentarios refírense aos últimos datos dispoñibles, xa que dalgúns indicadores non foi posible obter datos actualizados pola situación de crise sanitaria derivada da Covid-19.

Con respecto á **satisfacción do alumnado coa docencia recibida** no primeiro semestre, a participación global na enquisa foi do 41% (34,06% en Santiago e 48,84% en Lugo), e os valores xerais mantéñense similares aos do curso anterior: a media global é de 4,14 sobre 5 (4,33 na FFP-Lugo e 3,78 na FCE-Santiago). O ítem menos valorado nas dúas facultades continúa a ser o de que o profesor fai que a asistencia á clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (aínda que ascende lixeiramente de 3,89 a 3,94), e os máis valorados son o cumprimento do programa (4,35), a resolución de dúbidas (4,33), a axuda recibida en titorías (4,33) e a actitude receptiva do profesorado (4,30).

Polo que concerne á satisfacción do alumnado coa docencia recibida no segundo semestre (no que nos atopabamos nunha situación de crise sanitaria derivada da Covid-19), tanto a participación global na enquisa como os valores xerais experimentan descensos, aínda que se manteñen en cifras positivas. Así, a porcentaxe de participación foi do 37% (mantense nun 35,66% en Santiago pero descende dez puntos, ata o 38,32%, en Lugo). A media global é de 3,96 sobre 5 (3,91 na FFP-Lugo e 3,99 na FCE-Santiago). Entre os ítems menos valorados nas dúas facultades está a mellora do nivel de partida (3,81) e os materiais subministrados para axudar á preparación da materia (3,94), posiblemente froito da situación excepcional e sobrevida, que dificultou un progreso adecuado, e a falta de tempo para crear materiais máis axeitados para a docencia non presencial. Destacan con valoracións altas a resolución de dúbidas (4,20) e o desenvolvemento dos contidos de acordo coas previsións iniciais (4,17).

Polo que respecta á **satisfacción do alumnado coas prácticas externas** (Practicum), os últimos datos dispoñibles (curso 2018-2019) continúan a ser positivos: a valoración global é de 4,27 sobre 5 (media da USC: 4,08). O ítem no que se valora a satisfacción coas prácticas acada unha media da titulación de 4,21 sobre 5 (4,67 na FFP-Lugo e 3,75 na FCE-Santiago). O ítem menos valorado continúa sendo a escasa duración das prácticas (3,32), ao que hai que sumarlle a atención prestada polo titor académico (3,51), aínda que este último ítem unicamente presenta un valor baixo na FFC-Santiago (2,75), sendo positivo na FFP-Lugo (4,26). Os ítems máis valorados son a atención dispensada polos titores dos centros e o resto do persoal (4,62) e o contacto que supoñen as prácticas co mercado laboral (4,42).

O informe das enquisas de **satisfacción do alumnado egresado** foi respondido por 14 estudantes no curso 2019-2020 (3 máis que no curso anterior, 6 en Santiago e 8 en Lugo). O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación mantense en valores positivos: foi de 3,57 de media nos dous centros (3,67 en Santiago e 3,50 en Lugo), subindo

lixeramente desde o 3,40 do curso anterior e superando a media da USC de 3,43. Con respecto ao nivel de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, os últimos datos corresponden ao curso 2018-2019, sendo de 3,49 sobre 5 para ambas facultades. No que se refire á satisfacción cos servizos a media foi de 3,36 (datos tamén do curso 2018-2019), baixando unhas décimas en comparación cos cursos anteriores.

A enquisa de **satisfacción do alumnado coa titulación** foi respondida polo 8,42% do alumnado. A valoración global é de 3,26 sobre 5 de media nos dous centros, e o ítem concreto sobre a satisfacción coa titulación acada 3,56 puntos.

Polo que concerne á enquisa de **satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, as porcentaxes de resposta foron do 42,86% na FCE-Santiago (superior á do curso anterior) e do 42,31% na FFP-Lugo (lixeramente inferior á do curso anterior), e as valoracións son en xeral positivas. A media da titulación sitúase no 4,12 sobre 5, sendo na FCE-Santiago de 4,05 (descendendo desde o 4,22 do curso anterior) e manténdose na FFP-Lugo no 4,19. Os ítems máis valorados en conxunto son a información proporcionada sobre criterios de avaliación (4,70), a accesibilidade do profesorado (4,84) e o trato correcto ao alumnado (4,87), e os peor valorados son a experiencia previa no uso de tecnoloxías para a docencia e a avaliación en remoto (3,34), e a coordinación de materias e niveis do título (aínda que sube lixeiramente de 3,43 a 3,55). Cómpre sinalar, non obstante, con respecto á coordinación, que a media obtida na FFP para o curso 2019-20 foi de 4,18, mentres que na FCE foi de 2,91, polo que existe certa asimetría na opinión do profesorado de ambos centros no que atinxe aos aspectos de coordinación das materias. Tamén é preciso salientar as valoracións con respecto á satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial (3,70) e a avaliación non presencial (3,71) postas en marcha por mor da crise sanitaria derivada da Covid-19. Tendo en consideración a escasa marxe temporal existente para a adaptación a unha contorna completamente virtual, con todas as dificultades que isto leva consigo, estimamos como positivas as puntuacións medias acadadas.

A **satisfacción do profesorado coa titulación** no curso 2019-2020 mantense en valores positivos (aínda que descende do 4,04 ao 3,92 sobre 5). Os aspectos máis positivos sinalados nos dous centros seguen a ser o apoio prestado polo persoal de administración e servizos (4,65), a asistencia do alumnado ás clases (4,36) e o calendario de avaliación (4,20). O campus virtual como ferramenta para facilitar o labor docente acada tamén este curso valoracións altas (4,31), posiblemente polo aumento do seu emprego nas circunstancias de emerxencia sanitaria provocadas pola Covid-19. O aspecto máis negativo (3,09) continúa a ser o estado e adecuación das aulas e o seu equipamento. Polo que respecta ás accións formativas, o profesorado atópase tamén satisfeito en liñas xerais. Na enquisa de satisfacción do curso 2019-20 a taxa de participación foi do 49,78% e o índice xeral de satisfacción foi de 4,46 sobre 5.

Tamén son positivos os datos da última enquisa dispoñible realizada ao **profesorado que actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum** (correspondentes ao curso 2018-2019), e que igualmente expresa un elevado grao de satisfacción co programa de prácticas externas (4,18 sobre 5). Os aspectos máis valorados son o contacto que supón o Prácticum co mundo laboral (4,50) e a atención dispensada aos titorandos (4,50 de media, 4,75 na FCE-Santiago), que curiosamente contrasta coa baixa valoración outorgada polo alumnado na facultade de Santiago.

Polo xeral, **os títos externos do Prácticum** amósanse satisfeitos co desenvolvemento das prácticas realizadas polo estudiantado do título. Os últimos datos dispoñibles (correspondentes ao curso 2018-2019) amosan unha valoración xeral de 4,39 sobre 5 na FCE-Santiago e 4,67 na FFP-Lugo, valores entorno á media da USC (4,40). Valórase moi positivamente o grao de integración do alumnado no medio de traballo e o seu cumprimento das actividades asignadas. Con respecto ao grao de **satisfacción do persoal de administración e servizos** co traballo desenvolvido, na FFP-Lugo a enquisa foi cuberta polo 45,45% do persoal, e a valoración experimenta un ascenso con respecto ao curso anterior, sendo a valoración media de 4,60 sobre 5, e a valoración global de 4. Na FCE-Santiago, a enquisa foi cuberta por unha única persoa, outorgando unha valoración media e global de 4 sobre 5.

Finalmente, polo que respecta ao grao de satisfacción do persoal de administración e servizos coas accións formativas, a enquisa foi cuberta polo 51% dos participantes sobre o total de matriculados, e a satisfacción global sitúase en índices positivos, sendo de 7,64 sobre 10, manténdose valores moi semellantes respecto ao curso anterior 2018-19 (7,84).

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- ✓Á **Clarificar ao alumnado** dende un inicio que esta actividade proposta **non** trata de **sobrecargalos** pero que é necesaria para completar o período de estadía que queda por realizar. Neste sentido, **tanto aqueles alumnos/as que levasen á práctica a súa proposta didáctica presencial como os/as que non tivesen esa oportunidade, deberán realizar esta actividade complementaria**.
- ✓Á **Limitar**, na liña do anterior, a **carga de traballo**, tanto do alumnado como do profesorado supervisor.
- ✓Á **Incluír esta nova proposta no Informe de Prácticum mantendo o xa elaborado ata momento**. Cómpre tentar aludir ás medidas que se estean a desenvolver no centro de prácticas na situación actual (é moi probable que exista algún documento ou circular que se enviase aos centros de prácticas que non sexa pública e que poida ser comentada polos titores/as de prácticas).
- ✓Á **Considerar**, como elemento principal, a **adaptación da proposta didáctica presencial** utilizando a batería de medios que se proporcionan e aqueles que máis domine o noso alumnado.
- ✓Á Transformar as tarefas “a)” e “b)” a **unha soa tarefa de contextualización**. Neste caso, a contextualización deberá ser **moi sinxela**, sendo as principais fontes de información, por un lado a web da Consellería de Educación (ou no seu defecto, a web da entidade ou institución que xestione o centro de prácticas<sup>1</sup>) e por outro, as entrevistas ou conversas que o alumnado poida establecer cos seus titores/as de prácticas.
- ✓Á Aclarar no documento que **os “medios e recursos para o ensino non presencial”** que o alumnado pode elaborar como proposta didáctica son meras **orientacións ou exemplificacións** das cuestións que poden presentar. En ningún caso se solicita o deseño todos os medios e recursos que se sinalan; soamente deberán escoller aquel ou aqueles que mellor se axusten ao seu contexto de prácticas (fundamentalmente ao que se está a facer dende o centro educativo) e ao seu propio dominio e coñecemento sobre

estas ferramentas. aquelas que se considere máis pertinentes en cada caso e circunstancias de prácticas.

- ✓Á Incluir no documento a necesidade de que o alumnado estableza unhas **pautas básicas destinadas ás familias para traballar o material ou a dinámica** que propoñan xa que a familia será o primeiro destinatario das propostas e quen a levará a cabo cos/as cativos/as no fogar. A este respecto, débese clarificar ao alumnado que estas **pautas** deberán ser **básicas, moi simples e moi abertas**, pois os pais e as nais non son mestras nin mestres.
- ✓Á **Limitar a extensión do Informe de Prácticas** (en detrimento de deixar esta opción aberta e a decisión de cada supervisor/a). Así, establécese un **mínimo de 40 páxinas e un máximo de 70 páxinas**.
- ✓Á **Comunicar o antes posible ao alumnado de prácticas as tarefas que deben abordar para rematar a materia**. A este respecto, a Coordinación Xeral de Prácticum comprométese a elaborar a Acta da Reunión, introducir os cambios pertinentes no documento da actividade complementaria e enviar todos estes documentos de novo aos supervisores para a súa revisión e conformidade. Unha vez feito isto, subírase á Aula Virtual o documento de actividade e darase un aviso xeral ao alumnado a través das canles comunicativas (foros) e ao profesorado supervisor da materia. Deste xeito, se favorecerá unha comunicación o máis paralela posible co alumnado, dende todos as fronteas.
- ✓Á **Enviar un aviso aos titores/as de prácticas** (dende as supervisións) no cal se **comente como se vai a abordar o que queda da materia** (explicación das tarefas a realizar) e que o alumnado tratará de comunicarse con eles para solicitarlles información sobre a situación actual nos centros.

### 3. *Tratamento (e explicación se é preciso) da ficha de avaliación dos titores/as de prácticas, que se envía en 2 formatos diferenciados: Word e PDF (en documento adxunto).*

Coméntase a necesidade de realizar determinados cambios nos formularios, tanto de contido como de forma, para favorecer a súa cumprimentación por parte do profesorado titor dos centros de prácticas.

Nesta liña, **acórdase**:

- ✓Á **Engadir no/s ítem/s a aclaración “cubrir só nos casos que proceda”** cando estes fagan referencia á posta en práctica da proposta didáctica presencial.
- ✓Á **Modificar o apartado de “sinatura” do formulario PDF**, pois solicita unha firma de carácter dixital e é probable que non todos os titores/as dispoñan dela.
- ✓Á **Reenviar**, por parte da Coordinación, **o formulario definitivo** ao profesorado supervisor.

Igualmente, se pregunta sobre o prazo de entrega da ficha de avaliación por parte dos titores/as. **Acórdase**:

- ✓Á Que o **envío** (entre ambas partes) **se faga o antes posible**. Non obstante, **permanecerá o período “normalizado” de entrega de documentación** (o que se establece na Guía Docente da materia): a finalización da fase de estadía habitual (8 de maio).

- ✓ **Á O contacto coa Dirección nos centros de prácticas** naqueles **casos** nos que **non** haxa **constancia da recepción da ficha por parte dos titores/as** (non contestan ao correo-e) para que esta se comunique con eles/elas e avisen do cumprimento desta cuestión (pode enviarse a ficha de avaliación tamén en adxunto ás Direccións).

#### **4. Rogos e preguntas.**

Pregúntase ao profesorado supervisor se teñen ou non acceso á Aula Virtual. Ante as respostas negativas dalgúns deles, a Coordinación de Prácticum acorda o **envío dun correo ao Departamento** correspondente para a **solicitude de alta do profesorado supervisor** implicado na materia.

**A 02 de abril de 2020**

MATERIA DE PRÁCTICUM - Conferencia de Decanos/as

2

Ver 7 mensajes más

Mensaje enviado con importancia Alta.



BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA

Mar 31/03/2020 20:35

Para: GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; LAGO BALLESTEROS JOAQUIN; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; LOPEZ RUA PAULA; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR; NAVARRO PATON RUBEN



Prezados compañeiros/as:

A Conferencia de Decanos/as pronunciouse en relación ao Prácticum. Infórmovos resumidamente:

- As prácticas suspendéronse a mes e medio de terminar o semestre. **A actividade entre supervisores e alumnado debe continuar en formato non presencial.**
- **Debemos adaptar a nosa situación actual do prácticum e realizar un Plan de Actividades** (cousa que xa temos feita).

Así pois, no documento adjunto que vos envío (que a Decana me transmitiu), elaborado pola Conferencia e publicado no día de onte, establécense os **4 posibles "escenarios" de Prácticum** que poden darse e realiza **unha proposta de actividades complementarias segundo cada situación**.

Creo que, se non me equivoco **nós nos situamos no escenario 1 e as actividades que formulamos situaríanse no punto 3** (actividades de intervención que inclúen deseño, aplicación e avaliación...).

De todos os xeitos, hai un par de cuestións que si me gustaría aclarar:

- 1) veredes na **páxina 8 do documento**, no primeiro parágrafo di que "*a supervisión e avaliación do alumnado en prácticas durante esta situación de non presencialidade, deberá ser sumida integramente polos titores universitarios*" (supervisores). Entón, a miña pregunta é: **envíanse finalmente as fichas de avaliación aos titores/as dos centros para que valoren, alo menos, a parte da estadía presencial do seu alumnado?** (lembra que se estaba a reformular este instrumento de avaliación para axustarse ás características do prácticum II).
- 2) **Incluír dentro do documento de "actividade complementaria"** que elaboramos, a **posibilidade de que o/a alumno/a que así o considere ofrezca a súa axuda ao titor/a do centro no que desenvolvía a súa estadía** (máis aló do que tería que facer para "cumprir" coa materia/actividade solicitada), realizando labores diversas segundo considere o titor (apoio no ensino non presencial, busca/elaboración de recursos, apoio no emprego de medios e materiais dixitais/tecnolóxicos, etc.).
- 3) **Deberíamos convocar aos representantes do alumnado que están na Comisión para falar de todo isto con eles e expoñerlles cal foi o proceso?**

Tendo en conta todo o anterior, **cabe agora, comunicar aos supervisores a nosa proposta**.

Non obstante, **antes de convocalos, querería perdervos que, por favor, verificádes todo o que aquí vos comento e que fagades as observacións que consideredes oportunas** (por exemplo, do documento da Conferencia, por se hai algo que se me pasou)

En todo caso, espero poder falar/comunicarme con todos os supervisores (de ambos Graos) como máis tardar o xoves.

Moitas grazas a tod@s pola vosa axuda.

Abertas. moito ánimo e moita saúde!



## REUNIÓN PROFESORADO SUPERVISOR PRÁCTICUM I do GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL (GMEI)

Facultade de Formación do Profesorado

Curso Académico 2019/2020

ACTA de REUNIÓN

**Data da Reunión:** 03/06/2020

**Hora da Reunión:** 16.30h.

**Lugar da Reunión:** Virtual (Emprego de Microsoft Teams)

**Membros que asisten á reunión:** Eva M. Barreira Cerqueiras, Xesús Ferreiro Núñez, Silvia López Gómez, Marta Poncet Souto.

**Escusan a súa ausencia:** Carlos Dosil, Romina Moure Corbelle.

### ORDE DO DÍA:

1. **Preparación das liñas de actuación do Prácticum I do Grado de Mestra/e en Educación Infantil para o curso 20/21.**
  - a. *Establecemento das inquiredanzas sobre prazas para o vindeiro curso.*
  - b. *Proposta establecida para o Prácticum*
  - c. *Modificacións a introducir no Programa para o vindeiro curso mediante proposta elaborada por Coordinación de Materia.*
2. **Outras cuestións que se considere pertinente abordar.**
3. **Rogos e preguntas.**

### ACORDOS:

1. **Preparación das liñas de actuación do Prácticum I do Grado de Mestra/e en Educación Infantil para o curso 20/21.**
  - a. *Establecemento das inquiredanzas sobre prazas para o vindeiro curso.*

Infórmase das posibilidades da reserva dos centros colaboradores da proposta de prazas para o acollemento do alumnado en prácticas da Facultade de Formación do Profesorado. Infórmase das actuacións que se pretenden levar a cabo dende a Facultade: cartas informativas a centros colaboradores, envío de documentación para a recompilación de prazas a ofertar polos centros educativos, etc.

- b. *Proposta establecida para o Prácticum*

A proposta que se realiza concrétese en que o **Prácticum I** da titulación teña un enfoque máis proactivo, é dicir, que sen esquecermos da imprescindible observación e reflexión que caracteriza á materia de PI, propoñamos unha intervención máis activa do noso alumnado en canto ás necesidades que os titores/as de prácticas e os propios centros poidan formular.

Dito doutro xeito, poñe ao alumnado “ao servizo” do centro e dos tutores para intervir, apoiar e colaborar nas situacións que se produzan en cada centro baixo a nosa supervisión e axuda.

Correo-e enviado coas directrices e proposta realizada aos supervisores de Prácticum I o 26 de maio de 2020, co seguinte texto:

Estimado profesorado supervisor de Prácticum I del Grado de Infantil y Doble Grado:

Antes de nada, desearos que estéis en buenas condiciones de salud y ánimo.

En segundo lugar, urge comenzar a **preparar la línea de actuación del Prácticum I del Grado de Infantil para el curso 20/21**. Como sabéis, estamos en la más absoluta incertidumbre acerca de cómo se va a desarrollar esta materia el curso que viene. Lo que sí está claro es que se avecina un cambio bastante sustancial, tanto en las dinámicas educativas como sociales y sanitarias en los centros educativos.

Dadas estas circunstancias, desde la Coordinación General del Prácticum se lanza una **PROPUESTA** para conocer vuestra opinión y pertinencia de la misma, desde el convencimiento de que es una buena manera de afrontar la materia y la futura situación de tutores y centros de prácticas.

Se propone, pues, que el **Prácticum I** de estas titulaciones **tenga un enfoque más proactivo**, es decir, que **sin olvidarnos de la imprescindible observación y reflexión** que caracteriza a esta materia, **propongamos una intervención más activa de nuestro alumnado en cuanto a las necesidades que los tutores/as de prácticas y los propios centros nos puedan plantear**. Dicho de otro modo, poner al alumnado al "servicio" del centro y de los tutores para intervenir, apoyar y colaborar en las situaciones que se produzcan en cada centro, bajo nuestra supervisión y ayuda.

En este sentido, el **programa del Prácticum** debería modificarse mínimamente y continuar en la misma línea de "adaptación" realizada para las materias del segundo semestre con el estado de alarma: añadir un texto sencillo en el **apartado de observaciones** que haga alusión a una mayor concreción del enfoque y de las tareas a realizar en la Guía Docente de la materia. Así mismo, conviene abordar la **Guía Docente** y reformularla en base a estas circunstancias y a la perspectiva que como docentes de una materia adoptemos.

Es por ello que, quiero **conocer vuestras primeras impresiones ante esta propuesta** (y espero que no la última) y también, si os parece, os emplazo a realizar una **reunión en los próximos días**. Soy consciente de que estamos sobrecargados pero creo que es importante dejar esta cuestión clarificada lo antes posible para evitar posibles dificultades al inicio del curso siguiente.

Espero vuestras opiniones y las fechas y horarios más pertinentes para el encuentro.

Recibid un cordial saludo,  
Eva M. Barreira Cerqueiras

Os supervisores/as de Prácticum I manifestan, vía correo-e, o seu acordo coa proposta realizada e, en base a esta, elaborar o programa e a Guía Docente para a materia destinada ao vindeiro curso académico, que se concretará no punto seguinte.

- c. *Modificacións a introducir no Programa para o vindeiro curso mediante proposta elaborada por Coordinación de Materia.*

Analízase o programa da materia e establécense as modificacións acordadas nesta reunión por parte dos asistentes. Acórdase elaborar un documento no que se inclúan ditas decisións e modificacións para o seu envío posterior aos docentes supervisores/as (**documento adxunto a esta Acta**), co obxectivo da súa verificación e toma de acordos.

Acórdase realizar outra reunión se fose preciso.

## **2. Outras cuestións que se considere pertinente abordar.**

Maniféstanse as posibles dificultades de acollemento do alumnado no Prácticum para o vindeiro curso académico.

Igualmente, analízase o calendario académico e de Prácticum, considerando as posibles circunstancias provocadas pola COVID-19 e a posibilidade de que o curso académico se inicie máis tarde do establecido con carácter oficial a día de hoxe. Infórmase que isto provocará a adaptación do calendario de Prácticum pero que ata que non haxa informacións concretas, non se modificará ningunha cuestión.

## **3. Rogos e preguntas.**

Non hai preguntas.

A 3 de xuño de 2020



 [QUE SABER ANTES DE INICIAR O PRÁCTICUM? \(PRE-PRÁCTICUM\)](#)

 [PREGUNTAS FRECUENTES](#)

### 1ª SESIÓN ORGANIZATIVA (Semana do 21 de setembro)

**Informacións** xerais, **normativa** sobre elección de centros, **escollo de centro en Lugo**, recompilación de **información adicional** no caso do **alumnado** que fará a **estadía** nun centro fóra de Lugo.

Así mesmo, os contidos que se fan tratar na sesión pre-prácticum, serán tratados nesta primeira sesión, aclarando aquelas dúbidas que poidan xurdir.

 [ASIGNACIÓN DE ALUMNADO - CENTROS e SUPERVISORES \(05/10/20\)](#)

 [OFERTA DE PRAZAS DE PRÁCTICAS \(CENTROS COLABORADORES LUGO\)](#)

 [REMANENTE DE DE PRAZAS DE PRÁCTICAS \(CENTROS COLABORADORES LUGO\)](#)

Prazas sobrantes na Etapa de Educación Infantil tras a elección de centros feita polo alumnado que decidiu facer a estadía en Lugo.

 [ALUMNADO CON NOTA MEDIA \(ELECCIÓN DE CENTROS COLABORADORES\)](#)

 [Protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte ao coronavirus](#)



 [PROTOCOLO CONXUNTO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA OS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN E EVOLUCIÓN DO CORONAVIRUS \(COVID-19\)](#)

### 2ª SESIÓN ORGANIZATIVA (Semana do 05 de outubro)

Entrega da **documentación** que o **alumnado deberá levar aos centros** e presentación das **normas xerais** a ter en conta durante o **período de estadía**.

- Filtros
- > Informes
- Axustes do libro de cualificacións
- Resultados
- Copia de seguridade
- Restaurar
- Importar
- > Banco de preguntas
- Papeleira de reciclaxe

### FICHA DE DATOS DO TITOR/A

O titor/a anotará os seus datos profesionais nesta ficha, a cal facilitará a comunicación entre a Facultade e o Centro. Este documento será colgado na páxina web do Prácticum da Facultade. O alumnado en prácticas informará ao profesorado titor da existencia deste formulario na páxina web e da pertinencia de que o completen e o envíen ao supervisor/a correspondente.

## CUESTIONARIO SOBRE PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS

### CUESTIONARIO SOBRE O PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS

Presentamos o **cuestionario sobre o Protocolo COVID-19 nos centros educativos de prácticas**, de **obrigada cumprimentacion**.

O obxectivo que perseguimos á hora de que cubras este cuestionario é que teñas unha idea xeral dos elementos fundamentais deste Protocolo.

Dispós de **90 minutos** para realizalo e o **último día de entrega será o 16 de outubro ás 23.55 h.** (recomendámosche que non forzces os límites temporais).

A non entrega deste cuestionario poderá ter repercusións na avaliación, dadas as circunstancias actuais.

## Fases de Prácticum I

### Fase de Organización



OFERTA PRAZAS PRACTICUM II GMEI-DG 20-21 2oferta

LISTAXE ALUMNADO CON CENTROS

NOTA MEDIA PII DG-GMEI

**Terceira Sesión Organizativa**

LISTADO DEFINITIVO: ALUMNADO · CENTROS · SUPERVISIONS

DOCUMENTACIÓN PARA OS CENTROS (ALUMNADO)

Documentación que o alumnado deberá entregar, o primeiro día de prácticas nos centros educativos, ao/á Director/a e ao titor/a de prácticas.

FASE DE PREPARACIÓN

FASE DE ESTADÍA

**PROTOCOLOS ESCOLARES SOBRE A COVID-19 · CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS (aplicable a Casas Niño, PAI, etc.)

WEB con DOCUMENTACIÓN e con ÚLTIMAS NOVAS sobre PROTOCOLOS, ACTUACIONES, etc. (Consellería de Política Social)

**PROTOCOLOS ESCOLARES SOBRE A COVID-19 · CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**

Actualización do protocolo de centros e novos protocolos específicos ante a Covid 19

Resolución conxunta, de data 22 de setembro de 2020: actualización de Protocolos Escolares

PORTAL WEB: 'VOLVAMOS Á ESCOLA CON SENTIDIÑO' (sobre a COVID-19)

FASE DE SEGUIMIENTO

FASE DE REFLEXIÓN



## PRÁCTICUM II - CERTIFICACIÓN DE HORAS AOS TITORES/AS DE CENTROS DE PRÁCTICAS



Traducir mensaje a: Español | No traducir nunca de: Portugués (Brasil)



BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA

Vie 17/04/2020 16:34

Para: GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; LAGO BALLESTEROS JOAQUIN; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; LOPEZ RUA PAULA; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR y 3 más



Prezados membros da Comisión de Prácticum e TFG:

Antes de nada, espero que todo estea ben nos vosos fogares e coas persoas que queredes e, sobre todo, que teñades moito ánimo e saúde.

Póñoome en contacto convosco por unha sinxela cuestión.

Como ben sabedes, dende a Facultade sempre se **certifican as horas de Prácticum aos titores/as de prácticas**.

Dende a Coordinación Xeral de Prácticum, a miña **proposta** é que este ano **se certifiquen as horas de xeito completo para todas as titoras e titores**.

Isto non quere dicir que non deban cumprimentala (sobre todo de cara á xestión administrativa que temos que facer e para deixar constancia da titorización do noso alumnado) e sería un xesto de apoio cara este colectivo que, como ben sabemos todos, están a facer un grande esforzo tanto cara os seus alumnos/as como cara os nosos.

Quería saber se dende a Comisión apoiaríades esta iniciativa. Dende o Decanato existe un apoio total a esta idea.

Xa temos a ficha dixitalizada (para que os supervisores/as as acheguen aos interesados/as), pois é moi probable que moitos titores deixasen a documentación nos centros educativos e non poidan acceder a ela.

Espero as vosas respostas.

Recibide unha aperta, ánimo e saúde!

Eva

**Eva M. Barreira Cerqueiras**

*Coordinadora Xeral de Practicum*

*Facultade de Formación do Profesorado*





## COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TFG da FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

### ACTA de REUNIÓN

**Data da Reunión:** 19/03/2020

**Hora da Reunión:** 11.30h.

**Lugar da Reunión:** Virtual (Emprego de Skype Empresarial para videoconferencias)

**Membros que asisten á reunión:** Eva M. Barreira Cerqueiras; Pablo González Sequeiros; Joaquín Lago Ballesteros; Santiago López Gómez; Paula López Rúa; Pablo César Muñoz Carril.

**Escusan a súa ausencia:** Rubén Navarro Patón.

#### ORDE DO DÍA:

1. ***Toma de decisións sobre a alternativa de traballo para o alumnado de Prácticum II que non van acudir aos centros e, por conseguinte, compensar as horas presenciais establecidas.***

Alternativas barralladas:

- a. Preparación dunha serie de "supostos prácticos" vinculados coa actividade do alumnado nos centros (formulación de situacións reais que poidan ocorrer nos centros) destinados á súa resolución por escrito, de xeito reflexionado.
  - b. Solicitud de ampliación da proposta didáctica que xa estaban a desenvolver (ou tiñan desenvolvido).
  - c. Establecemento de contacto por parte de cada alumno/a cos seus titores/as (por exemplo, a través dunha entrevista) para que reciban información de como se está a encarar por parte de cada centro e de cada docente a intervención escolar de maneira telemática. Aquí tamén se aportan distintas posibilidades:
    - Elaboración dun informe coas informacións aportadas polos titores.
    - Elaboración dunha contextualización da situación actual e elaboración dunha proposta de "unidade didáctica" a desenvolver de maneira telemática (a distancia) co alumnado.
  - d. Elaboración dun pequeniño traballo baseado en lecturas, como se fixo noutros cursos académicos.
2. ***Outros asuntos de trámite que poidan xurdir.***
  3. ***Rogos e preguntas.***

#### ACORDOS:

1. ***Toma de decisións sobre a alternativa de traballo para o alumnado de Prácticum II que non van acudir aos centros e, por conseguinte, compensar as horas presenciais establecidas.***

a) Acórdase por parte da Comisión de Prácticum e TFG que, tras a análise das dúas alternativas principais baralladas (proposta de "casos prácticos" e a elaboración dunha "contextualización e unidade didáctica virtual"), a ***alternativa de traballo*** a elaborar por parte do alumnado en prácticas sexa a ***elaboración dunha contextualización da situación actual que***

**están a vivir os centros educativos e os mestres e mestras e a elaboración, a partir desta, dunha proposta didáctica “virtual” ou telemática** que responda ao proceso de ensino – aprendizaxe a distancia que dende os centros se está a desenvolver co seu alumnado.

b) A **actividade alternativa** formulada constará, por tanto, de dúas partes ben diferenciadas:

- Unha parte de **contextualización** na cal os alumnos deberán obter información sobre como está a abordar o seu centro e os titores/as de prácticas a posta en marcha dun proceso de ensino – aprendizaxe a distancia co seu alumnado e coas familias. As ferramentas fundamentais para realizar esta tarefa serán, por un lado, unha *procura e análise de información* (sobre as pautas e xestión da administración educativa) e, por outro, unha breve e sinxela *entrevista aos titores/as*.

A busca e análise de información e, fundamentalmente, a entrevista desenvolveranse sempre con carácter flexible e na medida das posibilidades de todas as partes (supervisores/as - alumnado en prácticas – titores/as do centro). En todo caso, a entrevista deberá centrarse naqueles aspectos que sexan fundamentais para a elaboración da segunda parte da actividade.

Así mesmo, esta contextualización irá enmarcada no **bloque común do Informe de Prácticum**, ben sexa no apartado de *contextualización do centro*, ben sexa no apartado dedicado á *innovación e mellora no centro / aula*. Será o supervisor/a quen decida onde considera máis pertinente a súa introdución.

- Unha parte de **proposta didáctica virtual/non presencial** elaborada por cada alumno/a en prácticas, e “contextualizada” aos recursos, materiais, etc., cos que conta o seu centro de prácticas para desenvolver o proceso de ensino – aprendizaxe non presencial. Dita proposta poderá ser unha adaptación da xa iniciada (e requirida na materia) ou unha formulación novidosa.

Esta *proposta didáctica non presencial* irá enmarcada no **bloque específico do Informe de Prácticum**, ben sexa no apartado dedicado á *proposta didáctica*, ben sexa no apartado destinado a *outras actividades*. En todo caso, será o supervisor/a quen decida onde considera máis pertinente o seu encadre.

- No apartado dedicado á **reflexión do Informe** de Prácticum, o **alumno/a** deberá **realizar unha breve reflexión sobre todo o acontecido**, as súas **inquietudes e aprendizaxes realizadas** en torno ás circunstancias actuais.

- Dadas as claras diferenciacións entre as dúas etapas educativas de Prácticum (Educación Infantil e Educación Primaria) en canto ás posibilidades dun ensino non presencial, ábrese a **posibilidade** de que ao **alumnado de prácticas do Grao en Mestre/a de Educación Infantil se lle solicite**, como proposta didáctica alternativa, **cuestións moi específicas e/ou puntuais**, como por exemplo: **elaboración dunha proposta de materiais específicos dixitais** (p. e. un conto interactivo), **proposta/espazo de comunicación e intercambio virtual entre os membros da comunidade educativa** (mestres/as, familias, etc.); **proxecto de intercambio de recursos entre mestres/as do centro educativo**; etc.

- A introdución desta actividade alternativa no Informe de Prácticum supón o **aumento da extensión de dito Informe**, na medida en que considere cada supervisor/a.

c) Acórdase igualmente, por parte da comisión, que esta **actividade alternativa é unha proposta** –elaborada en base ás esixencias académicas– cun **carácter totalmente aberto e flexible**, no senso de outorgar **plena liberdade aos supervisores/as** de adaptar dita alternativa como o estimen oportuno, así como de controlar tanto a carga de traballo propia como a dos alumnos/as que supervisa.

d) A Comisión acorda que, se houberse unha **volta á normalidade antes de rematar o período de estadía** (antes do 8 de maio) e o alumnado da Facultade regresase aos centros, este incluírá no seu **Informe de Prácticum a información e as tarefas de carácter alternativo que teña desenvolvido ata o momento de reincorporación** e, tanto este como os seus supervisores/as **retomarán a actividade inicial da materia de Prácticum**, baseada na presencialidade nos centros e no deseño e desenvolvemento (se fose o caso) dunha proposta didáctica en aula.

## 2. Outros asuntos de trámite.

a) **Infórmase** dende a Coordinación de Prácticum de **dous aspectos vinculados co desenvolvemento da materia de Prácticum II:**

- **A CRUE está a reunirse para tomar decisións en canto ás titulacións universitarias con prácticas curriculares e extracurriculares.** Neste senso, a Comisión de Prácticum e TFG decide que se envíe un correo aos supervisores/as para que retrasen a fase de seguimento (semana do 23 de marzo) cara a finais do período (xoves ou venres), co obxectivo de esperar ás decisións que se tomen en relacións a estas titulacións.

- **Infórmase** dende a Coordinación de Prácticum que a **apertura das Aulas Virtuais de Prácticum** para os supervisores é unha **cuestión a xestionar dende cada Departamento**. A este respecto, decídese que no mesmo correo-e destinado ás supervisións, se informe disto e, ademais, se lles solicite a cada supervisor/a que contacte co seu Departamento para axilizar estes trámites.

b) O profesor Joaquín Lago, **Coordinador do TFG do Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil** da Facultade informa á Comisión de que as Aulas Virtuais de TFG están creadas pero non están abertas a falta de subir certos datos.

**A Comisión acorda que se abran estas Aulas Virtuais** e se envíe un aviso ao alumnado de que manteñan contacto cos seus titores/as.

## 3. Rogos e preguntas.

Non se establece ningunha cuestión máis.

A 19 de marzo de 2020

## Reunión Comisión Prácticum e TFG- Luns 27, 11h



LOPEZ GOMEZ SANTIAGO

Vie 24/04/2020 11:01



Para: BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR; GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; LOPEZ RUA PAULA y 4 más

Bo día.

Agardo estedes con ánimos e saúde.

Como sabedes con data de 22 de abril aprobouse un acordó do Consello de Goberno regulando o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19.

En consecuencia debemos aprobar o novo calendario para a defensa dos TFG.

Convócate a unha xuntanza da Comisión de Prácticum e TFG para o día: Luns 27 de abril ás 11h a través de Teams.

Xa chamo eu a esa hora a todo o mundo. Aínda así esta é a

ligazón: <https://teams.microsoft.com/l/channel/19%3aa21b58a51868405bb20cb55165782c29%40thread.tacv2/General?groupId=82d3488c-3b1c-4429-87ea-f22d017554ed&tenantId=8f0d452c-b7a4-4964-b810-8c397374477b>

O artigo 8 desenvolve a instrucción da presentación e defensa de TFG e TFM

- 1. Os TFG e TFM poderán defenderse con carácter xeral desde o 5 ao 24 de xullo e desde o 3 ao 30 de setembro de 2020. Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM. Para determinar o cumprimento destes requisitos terase en conta o previsto na Resolución Reitoral de 27 de marzo sobre prácticas académicas externas.*
- 2. Excepcionalmente, os TFG e TFM poderán defenderse ata o 30 de novembro de 2020, cando, por circunstancias xustificadas, o traballo non puidera terse defendido dentro do prazo ordinario.*
- 3. Os Centros determinarán a data límite de entrega dos traballos en función das datas previstas de lectura.*
- 4. Como excepción ao previsto no artigo 6.7 da normativa de TFG e TFM, e só para o curso 2019-2020, os Centros poderán acordar que os TFG e TFM, ademais de poderen ser defendidos diante dun tribunal, poidan ser avaliados polo titor ou titora. De ser este o caso, os Centros deberán acordar así mesmo as características desta avaliación e poderán fixar unha puntuación máxima para as distintas modalidades de presentación. Estes acordos deberán ser adoptados antes do 31 de maio e comunicados á Vicerreitoría de Organización Académica, así como ao estudantado afectado para que este poida optar por unha das modalidades previstas.*
- 5. En todos os casos, a defensa poderá realizarse por medios presenciais ou telemáticos, de acordo co que se dispoña ao respecto.*

Saúdos

*Dr. Santiago López Gómez*

*Dpto. Psicología Evolutiva e da Educación*

*Vicedecano*

*Facultade de Formación do Profesorado*

*Ramón Ferreiro, s/n. 27071 - Lugo*

*Telf. 982821038*

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 003/20	Data: 27/04/2020	Convocatoria: 24/04/2020	Hora: 11:00-12:00h Lugar: videoconferencia Teams
<b>Asisten:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li> <li>- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li> <li>- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li> <li>- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li> <li>- Dna. Eva M<sup>a</sup> Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li> <li>- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li> <li>- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado</li> <li>- Dn. Gonzalo García Castro; Representante do alumnado</li> </ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  <b>ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):</b>  <i>1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG</i> <i>2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II</i>	
Desculpan asistencia:			

Tendo en conta o sinalado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19 débátese e reflexiónase sobre os seguintes asuntos:

**ASUNTOS:**

***1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG***

Debátese a proposta que os coordinadores de TFG de Primaria e de Infantil traen á reunión e acórdase:

Co fin de minimizar os posibles problemas que poidan xurdir nunha defensa do TFG utilizando medios telemáticos e co ánimo de facilitar e garantir a identidade do alumnado na mesma **será exclusivamente o Titor/a o responsable de avaliar ao alumno/a na defensa do TFG. Quedan suspendidos os tribunais na convocatoria de xuño/xullo. O titor/a poderá calificar o TFG ata a súa máxima calificación (10 puntos)**. Dada a excepcionalidade da situación e considerando as dificultades derivadas da mesma para a realización do TFG incorpórase á avaliación do TFG o seguimento do proceso de elaboración. Polo tanto, **o Produto final do TFG coa súa defensa terán un peso ponderado do 50% da calificación e o outro 50% virá dado polo do Proceso** da súa elaboración. As evidencias do Proceso resultarán do seguimento (correos-e, titorías, borradores,...) do mesmo e sempre terán como base as competencias sinaladas na materia.

**Modifícase o calendario para a solicitude, entrega e defensa do TFG da primeira oportunidade**, fixándose nas seguintes datas:

- **Solicitude: do 26 de xuño ao 30 de xuño**
- **Entrega/depósito: do 26 de xuño ao 02 de xullo**
- **Defensa: do 5 de xullo ao 24 de xullo**

O calendario da segunda oportunidade permanece sen cambios, tal e como estaba aprobado:

- Solicitude: do 20 ao 24 de xullo
- Entrega/depósito: do 20 ao 28 de xullo
- Defensa: do 03 ao 30 de setembro

Ao respecto do calendario de defensa, recórdase que que as Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19, establecen que: *“Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (...) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM”*. A estes efectos, aquel alumnado que, estando en deposición de realizar a defensa do TFG, desexe solicitar a súa realización anticipada respecto ao calendario aprobado, deberán cursar unha solicitude ante a Comisión de Practicum e TFG.

Co fin de garantir que a defensa sexa un acto público cando se abran as actas virtuais engadirase a información de que *aquela persoa (profesorado ou alumnado) que queira presenciar, en calidade de convidado/a, a defensa dun TFG concreto debe*

*enviar ao titor/a e coordinador de TFG un correo-e con 24 horas de antelación para que á volta de correo se lle remita un vínculo que lle de acceso á reunión telemática do acto de defensa.*

Os coordinadores de TFG remitirán ao profesorado e alumnado indicacións ampliando estas directrices e concretando algunhas cuestións ao respecto.

Recoméndase que o profesorado faga unha reunión previa co alumno/a para garantir o bo funcionamento das aplicacións telemáticas (Teams, Skype empresarial ou calquera outra aplicación institucional).

O acto de defensa debe sempre ser gravado. O alumno/a no comezo do acto debe indicar o seu nome e apelidos, nº de DNI e sinalar que autoriza a gravación da defensa do seu TFG.

Recórdase, como indica o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 que *“Será posible presentar e defender os TFG e os TFM aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG ou no TFM quedará condicionado á efectiva superación das prácticas”*.

## **2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II**

Tendo en conta que o calendario non tería que modificarse na dada de entrega da 1ª oportunidade esta se mantén e so se modifica a data de entrega da 2ª oportunidade. As datas fixadas son as seguintes:

- 1ª oportunidade: 25 de maio
- 2ª oportunidade: 6 de xullo

Remata a reunión sen outros asuntos tratados.

Lugo, a 27 de abril de 2020



Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

## Asunto a tratar pola Comisión Prácticum e TFG

🔒 1+ ▾ +



LAGO BALLESTEROS JOAQUIN

Lun 04/05/2020 20:12



Para: LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; GONZALEZ SEQUEIROS PABLO y 5 más

Boa tarde a todos,

escribume a profesora Lucía Moure Rodríguez para solicitar, perante a Comisión de Practicum e TFG, que se autorice a defensa anticipada do TFG que realizan conxuntamente as alumnas Paula Blanco Otero e Elena Martínez Pena, do curso ponte. Estas alumnas acóllense ao especificado nas *Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19*, nas que se establece que: ***“Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (...) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM”***.

Fixen a consulta a Ana Brao para asegurarme de que as alumnas cumpren os requisitos e, efectivamente, así é. Sen embargo, Ana advírteme do seguinte: "Pois eu penso que non debemos entrar nesa dinámica. Iso é se os centros o autorizan, e sería un pouco caótico, porque habería que facer un novo calendario para incluír o anticipado. Porque claro, tampouco é cousa de facelo á carta. E ten en conta que hai que comunicar á Secretaría Xeral e todo iso. Date conta de que o tratan coma algo 'excepcional'. Eu penso que é un rolo... Pero bueno... se o decidides así... será..."

Non sei como o vedes vós.

Saúdos,

Joaquín Lago Ballesteros  
Facultade de Formación do Profesorado



## Solicitud adelanto defensa de TFG

📎 1 ▾ 🗄

▾ ver 2 mensajes más



NAVARRO PATON RUBEN

Mié 10/06/2020 18:31



Para: LAGO BALLESTEROS JOAQUIN; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA y 5 más



SOLICITUDE DEFENSA anticip...

18 KB

Buenas tardes,

me han escrito dos alumnos tutorizados por la Profesora Maria del Carmen Caldeiro, con su visto bueno, para adelantar la defensa para antes del 18 de junio, ya que a partir de esa fecha se encontrará de baja y no podrá ser ella quien los evalúe si es después.

Por ello os solicito que, o bien nos reunamos virtualmente, si así lo estimamos oportuno, o bien lo solucionemos mediante correo electrónico manifestando lo que estimemos oportuno al respecto. Bajo mi punto de vista deberíamos aceptarlo por el motivo que debe ser evaluado todo el proceso que han seguido y quien mejor que su tutora para que lo haga, además que ya lo tienen terminado.

Si lo hacemos mediante aprobación de correo electrónico en cuanto todos hayamos indicado nuestro parecer, y si es que si lo aceptamos, lo tramitaré con Ana Brao para que lo comunique a la Secretaría Xeral.

Espero vuestras respuestas (reunión virtual; resolverlo mediante correo electrónico (creo que esta última es más operativa, pero sólo es mi opinión))

Por otro lado deberíamos pensar que haremos para ese alumnado que no tendrá tutor/a para las defensas, bien en julio, bien en septiembre.

saludos

Rubén

#### **IV. Otras reuniones**

Informes finais de coordinacións de  
curso (reunión co profesorado).

**Grao de Mestre/a en Educación  
Infantil**

CURSO 2019-2020



## **INFORME REUNIÓN FINAL DO CURSO 19/20**

### **1º GRADO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL**

O 23 de xullo todo o profesorado de primeiro curso foi convidado a participar nunha reunión virtual polo correo electrónico para valorar y facer balance do acontecido nas súas materias durante o curso 2019/2020. O período para enviar as valoracións rematou o 28 de xullo as 20 horas. Sinalar que este ano a docencia estivo fortemente influenciada polo período de confinamento como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19. Os comentarios recibidos móstranse a continuación:

**Prof. Fran Candia. “Infancia, Familia e Escola” e “Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil”.**

En verdade non houbo nada reseñable que comentar, xa que ambas materias son do 1º semestre e non se viron afectadas pola pandemia. No tocante ás probas finais de segunda oportunidade fixéronse dixitalmente (ambas foron probas abertas, a primeira con tempo limitado, e a segunda con varias horas) sen tampouco maiores atrancos: empregouse a ferramenta Cuestionario de Moodle e Teams en IFE, e o Campus Virtual en TICEI, e sen maiores inconvenientes

**Profª. Eva Barreira “Didáctica y Profesión Docente”.**

O único que cabería comentar deste 1º curso de GMEI, sobre todo no primeiro cuatrimestre polo que a min me compete neste caso, foron as dificultades ocasionadas pola cobertura de docentes debido a baixas e cambios de posto, algo do que non é responsable a Facultade (nin moito menos os docentes) pero sobre o que deberíamos seguir facendo presión, dende onde e cara quen corresponda. Polo demáis, todo ben.

**Prof. Pablo Cesar Muñoz. “Procesos de Mejora y uso de las TIC” e coordinador do título.**

El curso 2019-20 ha resultado ser atípico, ya que ha venido marcado por la crisis sanitaria del COVID-19, lo que ha supuesto una readaptación de la materia, siguiendo para ello las diferentes Resoluciones Rectorales establecidas y que tuvieron especial calado en la modificación del plan de estudios, especialmente en lo referente a aspectos como la metodología y el sistema de evaluación.

En relación a la metodología, se adaptaron los procesos de enseñanza-aprendizaje a un sistema en línea de carácter eminentemente asíncrono, utilizando para ello diferentes herramientas del campus virtual, así como la creación de vídeos explicativos ad hoc especialmente para las prácticas de la asignatura. En todo momento se informó al alumnado de los cambios realizados y del cronograma de tareas a realizar. Los docentes de la materia tratamos de seguir los mismos horarios ya establecidos cambiando únicamente la metodología y forma de comunicación.

Por otra parte, la evaluación sufrió cambios y modificaciones adaptados a las nuevas circunstancias y que fueron, en líneas generales, bien acogidos por los estudiantes. De hecho, el alumnado, ante la situación de docencia en línea solicitó modificaciones a nivel evaluativo, que tras su análisis por parte del profesorado, nos parecieron razonables y bien argumentadas, por lo que se eliminaron algunas tareas obligatorias.

En conjunto y a tenor de las calificaciones obtenidas, los resultados en cuanto al rendimiento en el aprendizaje han sido positivos, ya que tan solo ha suspendido la asignatura un estudiante. La principal dificultad para el alumnado ha sido la comunicación no presencial para la elaboración de trabajos en grupo, especialmente del proyecto audiovisual que debían realizar, ya que no

están acostumbrados a trabajar de forma colaborativa en situaciones on-line. No obstante, pese a todos estos hándicaps, finalmente las prácticas, trabajos y proyecto realizados han sido más que aceptables. Así pues, la implicación de los estudiantes fue, en general, adecuada, y prueba de ello es que la inmensa mayoría ha seguido los procesos de evaluación continua solicitados en la materia.

De cara al próximo curso se desconoce cuál será el escenario en el que nos movamos, no obstante, ya se ha realizado el correspondiente plan de contingencia, plasmado en el programa de la asignatura por lo que los aprendizajes adquiridos en este segundo semestre servirán de sustrato para mejorar la práctica docente.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Pablo GM', written over a horizontal line.

Fdo: Pablo García Marín

Lugo, 28 de xullo de 2020.

**INFORME REUNIÓN FINAL DO CURSO 19/20  
2º GRADO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Non se achegou por parte da coordinadora de 2º curso informe ou acta da reunión final co profesorado de dito curso.

## INFORME DE DESENVOLVEMENTO DO CURSO. 3º DO GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2019/2020

Coordinación: Montse Pena Presas

